

As laranxas máis laranxas de todas as laranxas

de Carlos Casares

Versión e dirección: José Caldas



XUNTA DE GALICIA

Carlos Casares, o artesán da palabra



Carmen Mejía

Universidad Complutense
cmejiaru@ucm.es

Non se pode falar da obra de Carlos Casares (Ourense 1941-Vigo 2002) sen facer unha introdución á personalidade plural deste persoeiro. Desde moi novo implicouse coa cultura galega e foi a persoa de confianza do coñecido galeguista Ramón Piñeiro, figura emblemática da cultura galega, nun momento de reconstrución da cultura en Galicia e da toma de conciencia da identidade galega. A implicación co galego de Carlos Casares reflíctese na elección da lingua da súa escrita, o galego, entre outras moitas cousas. Casares dirixiu a Editorial Galaxia nun momento importante para as letras galegas e foi Presidente do Consello da Cultura Galega e membro de número da Academia Galega, polo que tivo un papel de compromiso con Galicia que estendeu tamén á política. Este compromiso desenvolveuno fundamentalmente como escritor, xa que a obra escrita queda, o demais esvaécese co paso do tempo.

Carlos Casares escribiu contos para nenos, *A galiña azul* (1969), pezas de teatro, *As laranxas máis laranxas de tódalas naranxas* (1993), artigos periodísticos recollidos en *Á marxe* (2005-2008), ensaios sobre os clásicos galegos *Curros Enríquez* (1980), *Vicente Risco* (1981), *Otero Pedrayo* (1981), *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia* (1991), *A vida de Ánxel Fole* (1996). Fixo, tamén, prólogos aos libros dos novos talentos e animounos a publicar en galego. Dalgunha maneira seguiu a tarefa emprendida polo seu guieiro, o galeguista Ramón Piñeiro, a de captar aos novos para que a cultura galega tivese un futuro prometedor e se consolidase da man dos novos, xa foran investigadores, escritores, artistas, etc.

Participou o noso escritor nos proxectos de difusión da cultura galega tanto en Galicia coma no exterior. Hai un álbum precioso publicado por Galaxia en 1980 titulado

Coas raíces na terra no que Carlos Casares, a instancias do famoso debuxante Siro, involúcrase facendo a presentación. Trátase dun álbum de láminas de debuxos de 18 persoeiros galegos, entre eles Otero Pedrayo, Rafael Dieste, Eduardo Blanco Amor, Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole, Luis Seoane, Celso Emilio Ferreiro, etc. Na lámina adicada a Ramón Piñeiro vemos o debuxo de Siro e no reverso a descrición de Piñeiro, que destacamos polo seu vencellamento con Carlos Casares: "Ramón Piñeiro forma parte desa minoría de homes que son quen de transformar a dinámica espiritual dunha colectividade, e con ela o decorrer da historia. Heroes morais que pola súa autenticidade chegan á sensibilidade colectiva para despertaren unha fe solidaria. Por iso, desque Piñeiro se deu na palabra, no peito de milleiros de galegos volve a aniñar a esperanza" (*Coas raíces na terra*, 1980). Carlos

*Veciña desdentada*

37

"As laranxas..."

Casares na presentación desta xoia bibliográfica e artística dinos: "Pois algúns destes galegos pintados con tanto agarimo aquí están hoxe, outra vez en corpo e alma. De corpo, uns dan ben e outros dan regular, de alma, todos moi ben. Pertencen enteiros a Siro, en debuxos e letras (...) Nesta ocasión eu limítome a poñer música de bombo. Sería quen de tocar o clarinete se non tivera a carraca que teño nos ouvidos, pero Siro e os amigos aquí retratados merecen outras harmonías" (Coas

raíces na terra 1980). Palabras que reflicten o humor casariano tan presente na súa obra, e que fan que o lector esboce un sorriso de complicidade con Carlos Casares. Quizais os lectores, sobre todo os novos, deban coñecer que este álbum está vencellado a un proxecto anterior que Casares explica na presentación. Recomendamos este álbum moi vivamente a todos, pero principalmente aos novos. Hai tantas cousas nas bibliotecas que esperan ser descubertas!

Doutra banda, poderíamos dar un paseo polos ensaios que escribiu Casares coa finalidade de contribuir ao espallamento da cultura galega. Desta maneira as xentes galegas e non galegas coñecerían a riqueza da terra, tal vez silenciada ou gardada nun caixón do que habería que ir sacando á luz aspectos descoñecidos para o gozo de todos. Casares en moitos momentos abre ese caixón pechado e coa súa escritura e o seu traballo desvela figuras ou obras literarias relevantes ao público. Neste sentido queremos destacar a *Antoloxía da novela curta*, publicada por Galaxia en 1990 e editada por Carlos Casares, quen sinala: "A presente Antoloxía da novela curta pretende recuperar, senón uns autores, polo menos os textos que no seu día publicaron na colección *Lar* (...) Escritores como Leandro Pita Romero, Xulián M. Magariños Negreira ou Álvaro de las Casas, non parece esaxerado dicir que os tres poden ser considerados como verdadeiros descoñecidos" (Casares 1990, 11). O compromiso do intelectual plásmase claramente nas seguintes palabras: "Cómpre, xa que logo, ir revisando o pasado e recuperar para os lectores modernos aqueles textos que polo seu valor literario, non meramente arqueolóxico, supoñan algún tipo de aportación a unha literatura na que moitas veces teñen pesado máis as consideracións históricas ou sociais que as estéticas" (Casares 1990, 12). Esta *Antoloxía* exemplifica o traballo comprometido e que habitualmente realizaba Carlos Casares rescatando obras e xentes esquecidas ou descoñecidas para que a comunidade galega puidera disfrutar delas.

A obra narrativa de Carlos Casares caracterízase pola renovación formal e a pluralidade temática. Ao ini-



cio, o escritor novo experimenta coas novas formas de narrar europeas reflectidas nas obras da primeira etapa: *Vento ferido* (1967), *Cambio en tres* (1969), *Xoguetes para un tempo prohibido* (1975). Nelas, a experimentación é unha das preocupacións máis importantes de Casares dada a importancia que ten nese momento conseguir que a literatura galega adquira a vertente universal. Se as lecturas de Casares sendo novo foron, entre outras, Franz Kafka, Albert Camus, Marcel Proust, Cesare Pavese, James Joyce, William Faulkner, os grandes escritores do canon da literatura universal, estes modelos usaraos Casares para modernizar a literatura galega. Papel que tamén desenvolveron os escritores da "Nova Narrativa Galega", entre eles Gonzalo Rodríguez Mourullo, Xosé Luís Méndez Ferrín, Camilo Suárez-Llanos, María Xosé Queizán, Xohán Casal e Xohana Torres que ao igual que Casares apostaron, nun principio, polo rupturismo formal e o existencialismo para ir progresando individualmente cara os seus imaxinarios persoais e literarios.

Carlos Casares foi un artellador da palabra e a súa creación está condicionada polo interese por conseguir a comunicación co lector. No universo narrativo casariano o máis salientable é a minuciosidade, a arte pormenorizada e sinxela de narrar que atrapa ao lector. Hai que ter presente o medio no que se desenvolveu e tamén as influencias dos clásicos galegos, que dalgunha maneira levarán a Casares a escoller unha liña narrativa na súa traxectoria literaria. O que máis lle interesa coñecer é a alma humana, velaí que nas súas obras predominen os pequenos problemas cotiás e sociais de tinte existencialista. Deste xeito, en *Vento ferido* (1967) adopta unha técnica renovadora co uso do monólogo interior, presentando situacións límites e suxeitos angustiados polo peso da súa atmosfera. Próximo ao neorrealismo, Carlos Casares constrúe un universo cheo de humanidade onde a estratexia narrativa é aproximar ao lector a un mundo que lle rodea pero que non percibe pola propia dinámica cotiá. Os protagonistas destes relatos, de todas as idades e condicións, son vítimas

do tempo no que viven, e Casares os presenta coa sinxeleza que lle caracteriza para que nós, lectores, nos aproximemos a eles e nos emocionemos coa debilidade e a desprotección da alma humana.

Hai nestes relatos un imaxinario temático plural no que está presente o mundo da infancia perdida, a crueldade, o desamor, a soidade da vellez, a fatalidade do destino, a violencia da guerra, etc., que consegue desacougar ao lector moderno pola universalidade e a vixencia dos mesmos. Se unha das preocupacións da sociedade actual é a soidade dos maiores e a procura de posibles solucións para eles, o relato "Agarda longa ao sol" é un exemplo da dependencia dos demais a unha certa idade e á monotónia do paso do tempo que mutila as esperanzas creadas no día a día. Neste relato Casares fala das ilusións e desilusións das pequenas cousas da vida cotiá cunha humanidade e un lirismo estremecedor. Esas "cousas da vida" das que xa falara Castelao e que Casares retoma para falar delas desde a modernidade.



"O xogo da guerra", Vento ferido, *Galaxia* 1967, 14

Por outra parte, no relato "O xogo da guerra", Casares trata a impotencia dos débiles fronte aos fortes, o maltrato, a crueldade e a conseqüente vinganza. Un relato moi actual que reflicte a perdurabilidade dos conflitos sociais que ocasiona calquera tipo de maltrato e as súas consecuencias. Un relato desgarrador que chega ao máis fondo do lector pola súa traxedia inherente. A enfermidade e a morte cobran unha gran relevancia no imaxinario casariano.

O relato "Vou quedar cego" mostra un aspecto da vida que calquera ser humano pode sufrir. A chegada inesperada dunha enfermidade ou de circunstancias que impiden o desenvolvemento normal dun rapaz narrao Carlos Casares desde a máis profunda humanidade dotando á historia dunha indescribible beleza. "O xudas"—un dos relatos preferidos de Carlos Casares—enfóntase á morte da persoa que o acolleu, e así "O xudas" encara a traxedia máis grande

do mundo: a ausencia de Tomás, e séntese só, sen ninguén ao seu carón, sen Tomás, coma o can que atopa no seu camiño, metáfora da inhumanidade dese bocado da vida chamado "soidade", que todo ser humano ten que coñecer.

A traxedia e o determinismo da vida están tratados cun especial coidado e, neste senso, a narrativa casariana ten moito que ver coa narrativa de Rafael Dieste, xa que a principal preocupación para eles foi manter a tensión emotiva do relato coa expresividade da palabra, o que conseguiron cun minucioso e detido traballo. Carlos Casares, amante das cousas pequenas, mostra nestes relatos a beleza e a perfección da palabra escrita.


Dous anos máis tarde, en 1969, sae do prelo *Cambio en tres* (fig. 6), unha obra na que a experimentación formal é a protagonista. Casares céntrase na emigración, tema da tradición galega, que combina co uso dunha linguaxe rupturista e de recursos de vangarda. Un xogo literario que quedou como mero experimento narrativo do noso escritor, pero que se volvemos a ela segue tendo interese pola actualidade da temática tratada: as xentes que marchan para buscar algo mellor, neste caso a París, Reims e o trágico destino. Esa viaxe feita polo Cachorro, un dos protagonistas, cara un mundo mellor chea de esperanzas e expectativas, vese truncada polo trágico accidente: "tírate/ facendo eses/ que nos matamos/ i as palabras racháronse alí cando podía seguir vivindo cando podía empezar vivindo cando podía seguir cando ía empezar alí se quedou convertido nun regueiriño de sangue" (*Cambio en tres* 1969, 103). Unha peza que recolle o drama social da emigración das clases menos favorecidas, hoxe

estendida a todas as clases sociais. Para Carlos Casares *Cambio en tres* "(...) foi un experimento. Pensei nun tema do país (porque me interesa escribir sen afastarme dos problemas do país) e escollín un tan tópico e tan difícil de tratar como o da emigración. Precisamente para fuxir do tópico e dos lugares repetidos quixen facer unha novela vangardista" (*Unha ducia de Galegos* 1982: 285). En todo caso, a dualidade existente na obra entre o realismo e o experimentalismo e a súa conciliación é un dos grandes logros desta novela segundo Manuel Forcadela (*Nova narrativa galega* 1993, 119).

A nova novela de Carlos Casares aparecerá seis anos máis tarde, *Xoguetes para un tempo prohibido* publícase en 1975 e foi gañadora da convocatoria dos 25 anos de Galaxia. Atopámonos cun relato posfranquista no que predomina a carga social fronte ao experimentalismo. Carlos Casares constrúe a historia de Elías Paz arredor da infancia na vila, a adolescencia nun colexio e a xuventude na Universidade. Casares introduce a novela co seguinte paratexto de Jean Paul Sartre: "Coñeceu o Paraíso e perdeuno. Era un neno e expulsárono da súa infancia". Así pois pódese dicir que é unha novela de iniciación, xa que asistimos á transformación do protagonista nun ambiente de posguerra do que intenta escapar. As historias de Elías, estudante comprometido coa loita anti-franquista, sucédense en Santiago de Compostela entre as reunións clandestinas nos pisos dos amigos que loitan contra o franquismo, os guateques, os cafés e os amores e desamores que corresponden a esa idade. A crónica dunha xeración e dun tempo no que conseguir a liberdade era o sonho dos mozos que se moven

polo universo narrativo casariano. Unha obra atractiva para aqueles novos que desexen coñecer a Galicia da posguerra desde o humor e o lirismo casariano.

A partir deste momento na narrativa de Carlos Casares prodúcense cambios relevantes. Coa publicación de *Os escuros soños de Clío* en 1979, Casares fai unha incursión nunha liña literaria máis lúdica, na que os asuntos que trata pasan da visión realista da realidade á creación do xogo de textos apócrifos para tentar facer, segundo a crítica, unha revisión constructiva da historia de Galicia. Desde esta perspectiva podemos falar de Casares como un escritor sentimental, xa que na maioría das pezas casarianas percíbese unha unión profunda con Galicia. Nesta obra, dedicada a Ramón Piñeiro, Carlos Casares introduce dous paratextos que consideramos clave para entender a historia narrada. O primeiro paratexto é de Fernando Pessoa, quen sinala: "Tudo o que vemos é outra cousa", e o segundo é de W. Lübbe (*Das Zeichen*, Berlín, 1927) e conta que "A musa da Historia, Clío, tivo os seus adoradores nos membros dunha sociedade secreta denominada *Der Schatz*, en Berlín, a mediados do século XVIII. Chamábana estes *A Gran Feiticeira* e honrábana con cantos e poemas, pero sobre todo coa escritura e a lectura de textos apócrifos. Pensaban que estes últimos tiñan o poder de alterar o Pasado e orientar a Humanidade no bo sentido". Velaí a intencionalidade do noso escritor ao presentarnos historias diferentes a través dos apócrifos que axuden, xa que "tudo o que vemos é outra cousa", a descubrir os segredos da historia galega. Unha construción literaria seria e rigurosa na que o humor casariano nos fai pasar intres moi agradables






Ilustración de Xohán Ledo, *Cambio en tres*, Vigo, Galaxia 1969

con esta posible revisión histórica. Os *escuros soños de Clío*—en palabras de Torrente Ballester—“é unha colección de relatos de marcada fisonomía intelectual e humorística, bromas gastadas á Historia con enxeño brincador e perspicaz (...) cun resultado indefinible que é a flor da literatura” (Prólogo a *Ilustrísima* 1981, 11).

Un ano máis tarde, en 1980, aparece *Ilustrísima*, dedicada ao seu tío Xosé Mouriño, abade de Beiro, un lugar importante na biografía de

Carlos Casares porque alí pasou moitos anos da infancia e da adolescencia e ademais un dos lugares onde se desenvolve a historia do *Sol do verán*, a derradeira novela deste persoeiro. Casares narra os graves problemas que desencadea a chegada do cinematógrafo a unha pequena cidade galega a principios do século XX e os problemas existentes na diocese dirixida por un bispo aberto e tolerante que se enfrenta aos sectores conservadores da curia episcopal. Descríbenos os enfrontamentos

dunha sociedade proviciana dividida por razóns ideolóxicas e morais en dous bloques e representados en dous periódicos locais: *La Verdad* e *El Liberal*. O conservadorismo fronte ao liberalismo tamén se manifesta na vida da propia igrexa, xa que se reflicten dúas maneiras de entender a relixión e o evanxeo. Unha baseada no temor e nas prohibicións e outra máis tolerante baseada na xustiza e no perdón. Casares non pretende facer unha novela anticlerical senón que presenta a gran influencia que

a igrexa ten sobre as xentes dunha cidade pequena de principios do século XX.



En *Ilustrísima*, o noso escritor móstrase como un mestre do arte de narrar, cunha prosa sinxela na que o lirismo inunda os recunchos máis recónditos desta narración. Nela—segundo Pedro Hernández—“encárnanse os valores humanos que aparecen no resto da obra de Carlos Casares, é dicir, a tolerancia, a bondade e o rechazo de calquera forma de fanatismo e violencia” (*Ilustrísima* 1980, 13). Unha peza lírica que invita á lectura, como sinalara no seu momento Luís Suñén (Ibídem). Sete anos máis tarde, en 1987, publícase *Os mortos daquel verán*, unha novela na que se nos informa, en rexistro da linguaxe forense, dos feitos que levaron á morte do boticario en 1936, dando a coñecer o clima de tensión daquel momento. A historia baséase nas actas que un policía funcionario levanta sobre as declaracións dunha serie de persoas que deben testificar sobre a morte do boticario na guerra civil. A nómina de personaxes é moi extensa e dalgunha maneira a lectura debe facerse sen moitas interrupcións. Doutra banda, o papel do autor-funcionario de escoitar aos testigos para elaborar as actas onde o humor, a perplexidade e a obxectividade aproxímannos máis ben ao autor. Un tema que, dalgún xeito, recorda o de *A Esmorga* de Eduardo Blanco Amor, outro dos referentes culturais de Casares.

En *Deus sentado nun sillón azul* (1996), Casares, facendo uso da memoria histórica, recupera os tempos da preguerra e posguerra civil española, así coma os tempos do nacemento do nazismo; todo iso narrado pola muller que mira pola xanela e

que nos descobre a vida dese *Deus*, protagonista da obra. Un home que despois dunha vida dedicada a xustificar a actitude dos fortes fronte á debilidade dos pequenos, adopta no sillón azul unha postura que reflicte o seu estado de degradación anímica:

Está como derrubado, co peito fundido nunha especie de arco que se pecha cara adiante entre a cabeza e as pernas. Sen lentes parece aínda máis delgado. O nariz branco desde as cellas ata a punta, reflexa un brillo morto, coa excepción dunha especie de colorote encarnado na parte dereita, que se lle desparrama, igual que unha mancha de viño, por debaixo do ollo. (Deus sentado nun sillón azul, 110).

O autor afonda neste personaxe. Relátanos a súa vida desde o presente e preséntanos esa figura deteriorada, encorvada, para describirnos a través da mirada e a evocación *dela*, a súa traxectoria tanto existencial coma intelectual. Desde esta perspectiva a obra ofrece a posibilidade de somerxernos na psicoloxía do personaxe e indagar no antagonismo desta figura tan distante e, ao mesmo tempo, tan humana. As características deste personaxe sorprenden porque no universo narrativo de Carlos Casares nunca existira unha figura semellante. A maioría dos seus personaxes son seres configurados desde a comprensión, desde a humanidade máis próxima. Por qué deseña nesta obra Casares a alguén tan pouco atractivo? A resposta atopámola na xestión da obra e é o propio autor quen nos da a clave na entrevista con Miguel Riera publicada na revista *Quimera* (mayo-xunio 1997, 73-74). Explica Casares:



La figura del intelectual consentidor que apoya los movimientos antide-mocráticos siempre me ha interesado. La verdad es que esta novela se empezó a componer en Berlín. Yo tenía claro que quería hacer el retrato del intelectual parafascista, o profascista sin ser exactamente facista. Y entonces, en Berlín, (...) fui a pasear a orillas del lago y me encontré con un letrero que decía, "Casa de la conferencia de Dantzig". (...) Estás en aquel lugar tan bonito, a orillas del lago, un sitio paradisíaco, donde todo te invita, a estar tranquilo, feliz, y es precisamente ahí donde los nazis deciden acabar con los judíos... Aquella noche después de tomar la decisión de eliminar a los judíos, dos de los jefes (...), sentados al fuego de la chimenea se recitaban poemas románticos alemanes y cantaban canciones. Este es un hecho que nos ha costado mucho entender; (...) que un caballero puede ser extraordinariamente sensible, recitar poemas románticos y decidir sin

inmutarse la muerte de otro ser humano... Aquella visita me sirvió para reflexionar sobre el papel del intelectual, sobre su responsabilidad (...). Lo que yo quería hacer era el retrato de un tipo de intelectual que a mí me resulta especialmente re-

pugnante, ese individuo muy seguro de sí mismo y capaz de hacer grandes barbaridades o, por lo menos, de ayudar a hacerlas.

A claridade das palabras do autor revelan o seu obxectivo e compróbase,

unha vez máis, cal é o papel do escritor: o do compromiso. Desde a súa preocupación e interese persoal Carlos Casares crea un imaxinario que desperta a inquietude do lector, o que manifesta o seu compromiso social para, xenerosamente, ofrecerllo ao lector.

á galiña vanna matar.

**O alcalde, Manolito Listón,
dixo nunhas declaracións
que fixo prá televisión e prós xornales,
que non se podía tolerar a existencia de unha
galiña azul,
porque**



Ilustración de A galiña azul

Teríamos neste momento que facer a presentación do *Sol do verán* (2002), unha obra que sae do prelo despois da morte inesperada de Carlos Casares. Parece asombroso que o noso escritor vira truncada a vida nun momento tan inesperado, neste sentido son oportunas as palabras de *Ilustrísima*: "(...) Acababa de aprender que hai feitos na existencia do home capaces de márcalo para sempre, de alterar definitivamente a súa vida. Non era unha novidade nin unha sorpresa, pero repugnáballe que acontecementos semellantes foran tan pouco controlables (...)" (*Ilustrísima* 1980, 16). O destino que altera a vida dos seus personaxes, tema moi recorrente e obsesivo na na-

rrativa casariana, refléxase na realidade. É sorprendente que o destino trágico de Carlos, o personaxe de *O Sol do verán*, coincida coa morte de Carlos Casares:

Carlos pasou a converterse no grande interrogante da miña vida. Coñecín a un neno cheo de vida e a un mozo alegre, de corazón limpo, e vin tirado na bañeira a un home de vinte e sete anos, co rostro duro, escondido e amurallado detrás da barreira impenetrable da morte (O sol do verán 2002, 13).

Unha novela calificada pola crítica como a mellor do escritor. Unha obra onde escritor e personaxe se funden

e na que o Amor e o lirismo son os protagonistas da historia narrada. Un imaxinario máxico e sentimental que apasiona e sorprende ao lector.

Como conclusión pódese dicir que a obra de Carlos Casares representa todo un traballo por Galicia e para Galicia, ese pobo sentimental do que fala Helena Migúlez no ensaio *Galiza um povo sentimental?* Un traballo dun escritor galego e sentimental que traspasa fronteiras e consegue a universalidade. Velaí este recoñecemento como persoeiro das *Letras Galegas* 2017 e a nosa Homenaxe.

